

## Ciclo de conferencias sobre T.I.C. no ámbito da Enxeñería Técnica Industrial

### Conferencia 8ª - 8 de setembro

## “Telepresencia, videoconferencia e reunións virtuais”

#### Estimado/a compañeiro/a:

Dentro do ámbito das comunicacións na empresa e no desenvolvemento das actividades profesionais, requírese cada vez máis flexibilidade nas comunicacións para mellorar e obter vantaxes competitivas e para aumentar a produtividade ao mesmo tempo que se contén o gasto e/ou aforrar en diversas situacións. Preténdese profundizar nas posibilidades da comunicación visual e o traballo colaborativo, tanto dentro da empresa (entre departamentos ou áreas de traballo), como con clientes, provedores, etc...

Amosaranse diversas ferramentas utilizadas nas áreas de telepresencia, videoconferencia e reunións virtuais co obxectivo de mostrar as súas enormes vantaxes en canto a: acceso móbil, atención a clientes, coordinación de departamentos, coordinación de proxectos, formación a distancia, aforro en infraestrutura, evitar desprazamentos, mellora de imaxe e calidade, monitorización de servizos, aumento de produtividade, información on-line, seguridade en comunicacións, etc

**Relator:** D. Vicente Goyanes de Miguel (Ver no dorso)

**Data e horario:** 8 de setembro de 2011, de 18:00 a 22:00 horas.

**Lugar:** Salón de Actos de COITIVIGO.

**Nº de Prazas:** Aforo do Salón de Actos.

**Cuota:** Gratuíta, previa inscrición.

**Cofinanciado por:**



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REGIONAL  
"Unión necesaria do noso Europa"



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Modernización  
e Innovación Tecnolóxica

**Contidos:** (Ver no dorso)

**Inscrición:** A través da Web de COITIVIGO  
(<http://www.coitivigo.es>), na súa páxina de inicio ---->



**Documentación:** No mesmo apartado da Web dispórase dun acceso específico para utilización neste actividade. Nesta Web os participantes terán á súa disposición a información relativa á conferencia e a documentación para o seu seguimento.

**Nota:** A asignación de prazas realizarase por rigorosa orde de inscrición e aos seleccionados comunicáraselles por e-mail a dispoñibilidade de praza. Se a demanda o xustificase, trataríase de trasladar esta conferencia a outra localización, o cal comunicárase oportunamente.

**A data límite para a recepción das inscricións remata o Martes, 6 de setembro.**



José Manuel Jardón Quelle  
Poñente de Formación

## **BREVE CURRÍCULUM VITAE DO RELATOR:**

Enxeñeiro de Telecomunicacións pola Universidade de Vigo (1995). Especialista en xestión de proxectos pola Escola de Negocios CAIXANOVA (2007). Actualmente escribindo a súa tese doutoral. Desde 2004 coordina os servizos multimedia da Universidade de Vigo e desde 2008 é Xerente e Director Técnico da empresa TELTEK VÍDEO RESEARCH, S.L. Membro da comisión asesora da CRUE (Conferencia de Reitores das Universidades Españolas) en tecnoloxía multimedia en rede (CRUE-TIC Multimedia) desde a súa creación. Liderou o proxecto PuMuKIT desde a súa orixe. Participa activamente no grupo de traballo Europeo TF-Media de TERENA. Membro do comité de dirección do proxecto internacional Opencast-Matterhorn financiado pola Fundación Mellon e liderado pola Universidade de California en Berkeley.

## **RESUMEN DE CONTIDOS DA CONFERENCIA:**

- Videoconferencia masiva e telepresencia, solucións abertas.
- Videoconferencia "tradicional" de sala, IP e RDSI (H323, H320, H239).
- Videoconferencia de escritorio e videoconferencia Web (Webex, Adobe Connect, etc.).
- Solucións mixtas, videoconferencia tradicional de sala e escritorio simultaneamente.
- Exemplo do uso de videoconferencia para formación.
- Exemplo do uso de videoconferencia para xestión de proxectos internacionais.
- Grabación de videoconferencias e o seu uso na formación.